

## COMUNICADO AER

Mediante este comunicado, a Agrupación de Electores de Redondela quere dar a coñecer algunhas valoracións sobre o último pleno e tamén quere informar sobre as actuacións que ven realizando e vai realizar.

En primeiro lugar, lamentamos que non saíse adiante a nosa proposta pra cambiar un dos festivos locais relixiosos como é o Luns do Cristo por outro festivo laico como é o Martes de Entroido. Sabemos da tradición que ten o Luns do Cristo en Redondela, pero tamén sabemos da gran acollida e participación que ten o Martes de Entroido. Moita xente solicita ese martes como vacacións non seu traballo pra poder disfrutalo cos seus fillos ou en grupos de amigos. En cambio, o acto fundamental do Luns do Cristo consiste nunha procesión que se celebra a unha hora fóra da xornada laboral.

No último pleno presentamos unha **moción sobre como debe delegar competencias o alcalde**, que nós consideramos moi importante para acadar máis **transparencia e participación** no funcionamento do Concello, moción relacionada coa carta aberta que remitimos a todos os partidos políticos de Redondela en xuño. Esta moción pretende que haxa **transparencia e participación en asuntos como a contratación de persoal, contratación de obras, adquisición de bens, outorgamento de licenzas...** Estamos pendentes de que a secretaria do Concello comprobe a legalidade de algunhas das medidas que inclúe, e de acadar os apoios necesarios do resto de grupos políticos.

Temos a sensación de que o novo goberno municipal do PP, que tanta transparencia prometeu en campaña electoral e en reunións con nós, está empregando uns métodos cando menos sospeitosos na contratación de persoal. Por exemplo, na contratación do técnico do Programa Clara, non é de recibo que fose excluínte no proceso non posuír un curso de posgrao nin é de recibo que, pra presentar a documentación, se deran 5 días naturais que comezaron contar un sábado sendo o luns seguinte festivo. **Imos estar moi atentos a todas as contratacións, subvencións...** pra evitar posibles “dedazos”. A moción que mencionabamos antes busca evitalos.

Tamén queremos lamentar a falta de respecto institucional que mostra a nova corporación, que non está convidando ao resto dos grupos políticos cando recibimos en Redondela a autoridades coma o presidente de Portos ou o Ministro de Xustiza; sobre todo se temos en conta que en algún caso se trata de proxectos iniciados polo goberno anterior.

Pedimos en varias ocasións ao novo goberno que convoque de unha vez a Comisión de Seguimento dos Servizos Privatizados e a Comisión de Seguimento das Obras do AVE, pra poder vixiar os posibles abusos das empresas concesionarias e controlar os verquidos ao río Maceiras ou as repercusións nos cauces doutros ríos do Concello.

**Seguimos a traballar en varios asuntos**, como a protección e aproveitamento da enseada de San Simón, recuperación e conservación de lugares de interese coma a Fonte da Tafona, mellorar a salubridade de casas abandonadas no casco urbano, buscando solucións aos problemas de Chapela coas vías do tren, poder ofertar en Redondela os acollementos civís (“bautismos civís”) como se fai en concellos coma Oleiros ou Marín, acadar uns bos servizos de transporte público, mellorar o saneamento de Vilar de Infesta e Trasmañó, mellorar o estado da depuradora... e demais inquedanzas que nos vaian transmitindo os veciños, colectivos ou asociacións de Redondela.

Nas vindeiras semanas convocaremos máis **assembleas abertas** en parroquias de Redondela, coma Trasmañó ou Ventosela. Ata o de agora xa celebramos assembleas en Redondela, Chapela e Vilar de Infesta. Tamén seguimos traballando na preparación da nosa páxina web, polo de agora a xente pode contactar e debater con nós no Facebook, no noso Blog ou no noso correo electrónico.

Redondela, a 20 de setembro de 2011.

CONTACTO:

Teléfono: 647126712

Correo: [info@aredondela.com](mailto:info@aredondela.com)